



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIMIANZO

Corrección de bases del proceso de estabilización

Convocatoria de proceso selectivo para a provisión en propiedade de varias prazas incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria do Concello de Vimianzo (Lei 20/2021), para a estabilización do emprego temporal. Corrección de bases con efecto retroactivo.

Por Resolución de Alcaldía núm. 180/2023 de data 08/02/2023 aprobouse o seguinte:

Primeiro.- Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por Cristina Pedrosa Leis, en representación do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF), con data do 20/01/2023, contra a Resolución de Alcaldía núm. 1624/2022 do 21/12/2022 pola que se aproban as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión en propiedade de varias prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Vimianzo (Lei 20/2021), publicadas no BOP núm. 242, do 23/12/2022.

Segundo.- Aprobar a corrección da base segunda no apartado terceiro e engadir que “a titulación esixida para acceder á cobertura da praza de animador deportivo será a de Licenciatura ou Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou equivalente”.

Terceiro.- Acordar que esta modificación ten efectos retroactivos, consérvanse os actos e trámites realizados no procedemento de selección, non se abre un novo prazo de presentación de solicitudes e aplicarase o criterio á listaxe de persoas candidatas a este posto que cumpran os requisitos de admisión no proceso.

Vimianzo, 20 de febreiro de 2023

A alcaldesa de Vimianzo, Mónica Rodríguez Ordóñez

2023/1195